

Venres, 19 de xullo de 2019

Núm. 138

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CORRECCIÓN ERROS MATERIAIS E ACLARACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

ANUNCIO

Resolución da Alcaldía núm.: 1954/2019 de data 10/07/2019:

ASUNTO. CORRECCIÓN ERROS MATERIAIS E ACLARACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

Con data 9 de xullo de 2019, no uso das competencias que me confiren os artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) ditei Resolución núm. 1939-2019, de delegación especial e xenérica de competencias nos concelleiros e concelleiras que se detallan na mesma.

Advertidos erros na área de competencia delegada especial á concelleira MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ denominada: Protección e Promoción Social, Parques e Xardíns,

RESOLVO

1.—Corrixir os seguintes erros:

Na denominación da área, onde di: Protección e Promoción Social, Parques e Xardíns, debe dicir: Servizos Sociais, Parques e Xardíns.

Nos servizos incluídos, onde di: Asistencia social primaria, debe dicir: Servizos Sociais Comunitarios e, excluír o servizo de Conciliación.

2.—Facer constar que de acordo coa Base 24^a.b) das Bases de Execución do Orzamento (BEP) do exercicio 2018, relativa ás fases de gasto e órgano competente para a súa aprobación, as delegacións xenéricas non comportan a atribución da competencia do recoñecemento e liquidación das obrigas correspondentes das áreas, sen prexuízo do disposto na Base 29^a, apartado segundo das BEP, respecto á necesaria conformidade previa pola área xestora delegada correspondente.

3.—Poñer en coñecemento do pleno do concello na primeira sesión que celebre, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia.

A Alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez

Redondela, 10 de xullo de 2019

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VNIR66GDSWTSB1Y

